



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 24/10/2018.

Na vila de Vimianzo, ás dez horas e vinte e un minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil dezaioito, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese a mesa de contratación ó obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día, en relación ao expediente de licitación 2018/C005/000005.

ASISTEN:

Don Manuel Antelo Pazos, alcalde do concello, quen preside esta mesa.

Dona M^a Cristina Varela García, vogal, secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación neste Concello.

Dona Manuela Barcia Vázquez, vogal, interventora do Concello de Outes en réxime de acumulación neste Concello.

Dona Ivanna Vidal Domínguez, técnica xestión deste Concello, secretaria da mesa.

NON ASISTE:

Dona Bielca Gonzalez Ramos, vogal, técnica do servizo de urbanismo do Concello de Vimianzo.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día

1.Apertura do Sobre A “Documentación administrativa, proposición económica e documentación cuantificable de forma automática”, correspondente á licitación da Subministración de materiais eléctricos para a área de servizos municipal (Exp.2018/C005/000005), e de ser o caso, valoración das ofertas e proposta de adjudicación.

En primeiro lugar, explicase que consta presentada polo rexistro do Concello, con RE 6385, de 17/10/2018, Sobre A de oferta para esta licitación, pola empresa Antonio Pazos,S.A.

Os membros presentes da mesa de contratación con dereito a voto, por unanimidade, inadmiten esta oferta ao presentarse nun lugar distinto ao establecido no prego.

A continuación, por parte da secretaria da mesa procédese ao descrifrado e apertura das oferta presentadas a través da plataforma de contratos do sector público:

-Antonio Pazos,S.A. (CIF A15066913)

-Narontec Gestión,S.L. (CIF B70445531)

Da comprobación da documentación presentada resulta o seguinte:

1.Antonio Pazos,S.A. (CIF A15066913)

A oferta foi presentada o día 18/10/2018, dentro do prazo de presentación de ofertas.

Achega Modelo de declaración responsable de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Non consta inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas Clasificadas do Sector Público ou no correspondente autonómico.

Ponse de manifesto que de aplicar o establecido ao respecto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación e non a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación do Estado, de data 24/09/2018 estaríase afectando á concorrência, polo que, os membros da mesa de contratación acordan admitir a oferta e de resultar adjudicataria debería acreditar a súa aptitude para contratar e representación.



Considerase correcta a documentación presentada pola licitadora, admitíndoa, coas observacións sinaladas

2.Narontec Gestión,S.L. (CIF B70445531)

A oferta foi presentada o día 18/10/2018, dentro do prazo de presentación de ofertas.
Achega Modelo de declaración responsable de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.
Consta inscrito no Rexistro de licitadores e empresas clasificadas do sector público.

Considerase correcta a documentación presentada pola licitadora, admitíndoa.

A continuación dáse conta das ofertas presentadas polas anteditas empresas:

1. Antonio Pazos,S.A. (CIF A15066913):

Oferta económica: 16.598,42 euros (Prezo sen IVE: 13.717,70 euros e IVE (21 %): 2.880,72 €)
Achega Anexo I cos prezos unitarios.
-Non achega porcentaxe de desconto.

2. Narontec Gestión,S.L. (CIF B70445531):

Oferta económica: 16.159,31 euros (Prezo sen IVE: 13.354,80 euros e IVE (21 %): 2.804,51 €)
Achega Anexo I cos prezos unitarios.
-Ofrece un porcentaxe de desconto sobre o prezo medio de mercado para os produtos que non estén na relación do Anexo I do PPT: 22 %

De conformidade co establecido na cláusula 10ª (criterios de adjudicación) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación para a "Subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do Concello de Vimianzo (A Coruña)" exp.2018/C005/000005, as empresas licitadoras admitidas nesta licitación acadaron a seguinte puntuación:

Empresa	Oferta económica (80 puntos)			Melloras (20 puntos)		TOTAL
	Oferta económica (sen IVE)	Puntuación	Temeraria	Porcentaxe de desconto sobre o prezo medio de mercado produtos non incluídos	Puntuación	
Antonio Pazos,S.A.	13.717,70	30,09	NON	0	0	30,09
Naróntec Gestión,S.L.	13.354,80	39,20	NON	22%	20	59,20

Á vista do resultado da valoración das ofertas, a mesa de contratación, por unanimidade do membros presentes con dereito a voto, acorda:

1º. Propoñer a adjudicación do contrato da Subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do Concello de Vimianzo (A Coruña), de conformidade coa puntuación acadada:

1º.Narontec Gestión, S.L., que acodou 59,20 euros.

2º.Antonio Pazos, S.A., que acodou 30,09 euros.



Comprobado no ROLECE e no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, a empresa Narontec Gestión, S.L., enténdense acreditada a capacidade de obrar, representación, habilitación empresarial, e non concorrencia de prohibicións de contratar, en virtude do 96.2 da LCSP.

No que respecta á empresa Antonio Pazos,S.A., non consta a inscrición no ROLECE nin no correspondente autonómico, polo que de resultar adxudicatario deberá acreditar a capacidade de obrar, representación, habilitación empresarial, e non concorrencia de prohibicións de contratar, polos medios tradicionais (Disposición Transitoria 3ª da LCSP), consonte ao criterio expresado pola JCCA do Estado na Recomendación do 24/09/2018.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación e salvo erro ou omisión involuntaria.

Asinada en Vimianzo co visto e praxe o Sr.alcalde.

O Alcalde
Manuel Antelo Pazos

A secretaria da mesa
Ivanna Vidal Domínguez